

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 29 de marzo de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

Na Casa do Concello de Vigo, ás -----horas do día ----- de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm^a. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o asesor xurídico municipal, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXP^{TES}. 14/993, 23/833, 4/960.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Flora González Domínguez. Expte 14/993
- D^a M^a Amelia Cachafeiro García. Expte 23/833
- D^a Juana Emilia Fernández Caamiña. Expte 4/960

2.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ASOCIACIÓN PUEBLOS SIN FRONTERAS E OUTROS PARA REALIZAR A PRIMEIRA CARREIRA SOLIDARIA TRAVESÍA DE VIGO O DÍA 3.04.05. EXP^TE 5152/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD, do 17.03.05, conformado pola Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a asociación Pueblos Sin Fronteras, xunto con diferentes asociacións e os colexios, Monterrey, San Fermín e Quiñones de León da zona da Travesía de Vigo, a organizar a 1ª Carreira Solidaria Travesía de Vigo para alumnos dos centros escolares citados, o vindeiro día 3 de abril de 2005, co lema “Correr por Solidariedade” e co obxectivo de recadar fondos para o proxecto de intercambio cultural e educativo entre a Travesía de Vigo e o Val do Colca no Perú, que descorrera pola rúa Travesía de Vigo, dende a rotonda próxima o colexio San Fermín ata o espazo xusto anterior á rotonda na confluencia das rúas Aragón e Travesía de Vigo, entre as 11:00 h. e as 13:00 h.

3.- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO. TEMPORADA 2004-2005. EXPTE 5133/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 21.01.05, o documento contable RC acreditativo da existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, conformado pola concelleira Delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda o seguinte:

Aprobar ás Bases, que de seguido se transcriben, para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo- Temporada 2004-2005, e os anexos obrantes no expediente, autorizando un crédito de 680.000 Euros con cargo á partida 4521 489 00 00 do orzamento de 2005 (este expediente se tramita como anticipado de gasto).

Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo- temporada 2004-2005.

A Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva: Esta convocatoria vai a instrumentar o programa de subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro. Con tal motivo e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través do Servicio de Deportes, regula o acceso ás subvencións a través destas Bases e tal fin destina a cantidade de 680.000 Euros con cargo á partida orzamentaria “4521 489 00 00- Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro” do orzamento para 2005

Por todo isto se convocan as subvencións para as entidades deportivas de Vigo para a temporada 2004-2005. A convocatoria destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Artigo 1. Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria e a seguinte: lexislación básica do estado, con carácter supletorio, a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica, e as normas, que no uso da súa potestade regulamentariamente aprobe, ou teña aprobadas, o Concello de Vigo.

Artigo 2. Natureza e contía das axudas.

2.1. A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrencia competitiva entre as entidades deportivas sen fin de lucro que reúnen os requisitos establecidos nesta Bases, co obxecto de fomentar o deporte e a práctica deportiva. Sendo o seu finalidade o outorgamento de subvención municipal, da actividade deportiva en xeral, das entidades deportivas de Vigo. Incluindo a participación en actividades deportivas así como a organización destas, durante a presente temporada .

2.2 A contía da subvención se determinará pola Xunta de Goberno Local consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases.

2.3 A entidade deportiva solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a presente temporada.

2.4 A subvención concedida se destinará exclusivamente a cubrir os gastos directamente relacionados coa actividade do club durante a presente temporada .

Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

3.1. Poderán solicitar axudas á presente convocatoria os clubs deportivos, asociacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo e que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria. Asemade deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.

En relación coa modalidade de fútbol sala poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3.2 Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs de fútbol sala que non teñan, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.
- Os clubs que por calquera causa se retirasen da competición oficial durante a tempada 2003/2004 ou 2004-2005

3.3 As entidades deberán estar integradas nas competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

Artigo 4. Financiamento da convocatoria.

A financiamento das axudas e subvencións concedidas ó amparo destas Bases, será con cargo á partida orzamentaria do orzamento para 2005 – 4521 489 00 00- Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro, por un importe total de (680.000 Euros).

Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

5.1 Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios de solicitude e a documentación requirida nestas Bases. Os cuestionarios de solicitude, os impresos de solicitude e demais documentación se atopan a disposición dos interesados nas oficinas do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n. 10ª planta.

5.2. A instancia de solicitude estará dirixida a Concelleira Delegada da Área de Promoción Economía e Desenvolvemento Local. A formula o representante legal da entidade peticionaria e se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

5.3. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- a) Modelos dos Cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes do anexo I.
- b) Datos referentes á actividade da entidade deportiva, nº de equipos, categorías, actividades que organizan e actividades nas que teñen previsto participar, deportistas, etc.
- c) Certificado da federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría.
- d) Certificado do secretario da entidade do orzamento de ingresos para a temporada 2004/05
- e) Certificado do secretario da entidade do orzamento de gastos para a temporada 2004/05
- f) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- g) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias do Concello de Vigo o Instituto Municipal dos Deportes, a Seguridade Social e Facenda.
- h) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- i) Tódolos datos referidos ó enderezo, código postal, etc.
- j) Acreditacion doutras axudas públicas concedidas para financiar ás actividades polas que solicita a presente subvención.

Artigo 6. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes, a esta convocatoria, será de 20 días naturais contados dende o día seguinte a súa publicación na prensa local e no Taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Computando o dito prazo dende a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

Artigo 7. Subsanación da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o solicitante será requirido para que, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amañe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e arquivarase o expediente.

Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.

- 8.1 A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, se realizará mediante un proceso interno de avaliación que levará a cabo o técnico do Servizo de Deportes.
- 8.2 O Servizo de Deportes valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a baremar corresponderán as actividades da temporada 2004/2005.
- 8.3 O Servizo de Deportes elevará a proposta de resolución a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.
- 8.4 No caso de que as solicitudes nesta temporada 2004-2005 exceda o crédito destinado a este programa, o Servizo de Deportes axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2005. O cálculo se realizará multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.

Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

- 9.1 A aceptación por parte dos adxudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvención a entidades sen fin de lucro.
 - 9.2 O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.
 - 9.3 Os beneficiarios das subvencións obríganse a:
 - a) Cumprir todas as normas establecidas nas Bases da convocatoria
 - b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
 - c) Deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan.
 - d) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
 - e) En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” como entidade financiadora.
 - 9.4 Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comproba-lo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non se-lo prefixado, á revocación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións.
- Igualmente actuará coas solicitudes que non presenten os xustificantes en tempo e forma.

Artigo 10. Xustificación das axudas

10.1 A resolución da Xunta de Goberno Local seralles notificada ós interesados. Para tramita-lo pago do importe da subvención concedida, terán que achegar, a seguinte documentación:

Xustificantes (facturas orixinais que deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente) dos gastos relacionados coa solicitude da subvención solicitada pola entidade deportiva. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas polo art. 3 do RD 2402/85, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computara o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán a tempada 2004/2005.

Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación).

Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.

As facturas que se presenten como xustificante terán que estar conformadas pola entidade emisora.

10.2 Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibila, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto presentarán certificado no que conste estes extremos.

10.3 No caso de non presenta-la documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.

10.4 A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 5 de decembro de 2005. En caso contrario perderase o dereito a percibi-la axuda. Non obstante o anterior a Xunta de Goberno Local poderá ampliar o prazo destas xustificacións se ocorreran excepciónais debidamente acreditadas.

10.5 Para os efectos do pago da subvención polo concello, considerase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e responda a natureza da actividade subvencionada.

Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:

Segundo o Texto Refundido da LGP, e demais normativa local en materia de facendas locais, procederá o reintegro das contías percibidas e a esixencia do interese de demora dende o momento do pago das subvencións, nos seguintes casos:

Incumprimento da obriga da xustificación

Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas, unha vez acreditados pola administración municipal tales extremos.

Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida

Incumprimento das condicións impostas as entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da subvención.

Realización por parte do beneficiario dunha actividade ou prestación dun servizo, cun custo inferior a subvención recibida, proveña desta administración ou de distinta ou ente público ou privado, estatal ou internacional.

Sen prexuízo do previsto no presente artigo, a falsidade ou calquera outra conducta punitiva porase en coñecemento da xurisdicción penal por parte do Concello de Vigo.

Artigo 12. Baremo e criterios de avaliación.

O baremo e criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte:

1. Fútbol.

3 división	3.600 Euros
Rexional preferente	2.800 Euros
1ª Rexional	1.150 Euros
2ª Rexional	1.100 Euros
3ª Rexional	550 Euros
División de honra xuvenil	4.450 Euros
Liga nacional xuvenil	1.020 Euros
Liga Galega xuvenil	510 Euros
División de honra cadete	570 Euros
Outras categorías	180 Euros

- ✓ Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.
- ✓ Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da

actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes

2. Fútbol sala.

Os clubs de fútbol sala para ser avaliados deberán ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

Outras categorías superiores	1.500 Euros
Autonómica feminina	1.170 Euros
Autonómica sur	990 Euros
Provincial	540 Euros
Local división de honra	225 Euros
Local 1ª	180 Euros
Local 2ª	150 Euros
Outras categorías	150 Euros

- ✓ Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800.- Euros
- ✓ Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 5.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.
- ✓ Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 5.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes

3. Baloncesto.

Nacional	5.100 Euros
Autonómica	1.500 Euros
Sénior masculino e feminino	500 Euros
Xuvenís masculino e feminino	240 Euros
Outras categorías	180 Euros

- ✓ Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.
- ✓ Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.
- ✓ Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes.

4. Balonmán.

1ª Nacional	5.100 Euros
2ª Nacional	1.500 Euros
Sénior masculino e feminino	500 Euros
Xuvenís masculino e feminino	240 Euros
Outras categorías	180 Euros

- ✓ Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.
- ✓ Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade,
- ✓ Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes

5. Outras modalidades.

As modalidades que poidan avaliarse ben por equipos ou por nº de licencias, se aplicará o criterio máis vantaxoso para a entidade.

A.- Deportes colectivos

Seniors - Xuvenís	240 Euros
Cadetes	210 Euros
Infantís	180 Euros
Alevíns – Benxamíns	150 Euros

B.- Deportes individuais

Seniors - Xuvenís	30 Euros /Lic.	Máximo 360 Euros
Cadetes	24 Euros/Lic	Máximo 312 Euros
Infantís	18 Euros/Lic	Máximo 252 Euros
Alevíns – Benxamíns	12 Euros/Lic	Máximo 180 Euros

Na modalidade de ximnasia rítmica avaliarase coa cantidade de 4.800 Euros ó club que ostente a máxima categoría, en cada momento.

C.- Aspectos comúns para o apartado outras modalidades.

- ✓ Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.
- ✓ Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.
- ✓ Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes.

6. Entidades de elite (Clubs de elite).

- ✓ Pola categoría na que participa.
 - Máxima categoría – 30.000 Euros
 - Categoría anterior – 18.000 Euros
 - Categoría anterior – 12.000 Euros
- ✓ Polo alugamento de instalacións ata un 50% ata un máximo de 6.000 Euros
- ✓ Polos desprazamentos fora da cidade ata un máximo de 30.000 Euros
- ✓ Por participación en actividades deportivas ata un máximo de 30.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, Pola importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.
- ✓ Organización de actividades deportivas municipal. Ata un máximo de 30.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, Pola importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes

4.- BASES DO IX CONCURSO DE CARTEIS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA”. EXPTE 1474/335

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da Técnica de Administración Especial, conformado polo Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola Interventora Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, correspondentes ó IX Concurso de carteis “Festas do Cristo da Victoria”.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 2.500.-euros en concepto de premio do concurso, con cargo á partida 451.2.481.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.”

BASES IX CONCURSO DE CARTEIS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA”

1. *O obxecto deste concurso é seleccionar un cartel para empregar na difusión do programa das FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005, que organiza a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

Neste concurso poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas, e poderán presentar, cada unha delas, cantas obras desexen, coa condición indispensable de seren inéditas.

2. *Os orixinais realizaranse verticalmente, en papel de 50 x 32 cm, e presentaranse suficientemente protexidos e montados sobre soporte ríxido e desmontábel, que permita a súa perfecta exposición.O soporte non poderá exceder en máis de 3 cm por cada lado ao orixinal. A técnica utilizada será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica.*

En caso de remitirse facturados, o Concello de Vigo non responderá de posíbeis desperfectos, nin extravíos, como tampouco da súa devolución.

Así mesmo, o Concello de Vigo non responderá dos posíbeis desperfectos ou danos que poidan sufrir os carteis como consecuencia do seu transporte, manipulación, montaxe e desmontaxe, en caso de realizarse algunha exposición deles (base núm 9). Por este motivo, recoméndase que os carteis se presenten en soporte de cartón, cartón-pluma ou similar, evitando na medida do posíbel o emprego de cristal, metacrilato, enmarcado, etc.

3. *Os orixinais, ademais do logotipo do Concello, Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, deberán incluír necesariamente os seguintes textos:*

- * FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.*
- * VIGO.*
- * XULLO E AGOSTO.*

A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural corraxirá os posíbeis erros dos textos que figuren nas obras, así como calquera modificación de datas ou doutro tipo que poidan xurdir.

Así mesmo, a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural resérvase a facultade de modificar ou substituír o logotipo que apareza no orixinal, así como de variar a súa localización na composición definitiva do cartel que se edite; así mesmo, resérvase a posibilidade de incluír os logotipos de entidades ou empresas colaboradoras.

4. *Unha vez aprobadas as bases do concurso, publicitaranse na páxina de información municipal da prensa local, antes da finalización do prazo de presentación dos carteis; así mesmo, as bases atoparanse a disposición do público no servizo de Información da lonxa do Concello, na web do Concello de Vigo e na propia Concellaría de Festas.*

5. Os carteis presentaranse na Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n; 36202 VIGO), en horario de 9 a 14 horas; o prazo de presentación finalizará ás 14'00 h do día 10 de maio. Non serán admitidos os carteis que se reciban no citado departamento con posterioridade á data e hora indicadas, calquera que sexa a causa do retraso.
6. Cando os traballos se presenten persoalmente, facilitarase un recibo que se poderá trocar no seu día polo traballo presentado. Os que se reciban facturados serán devoltos o seu autor/a, se así o solicita, unha vez verificado o concurso; todo isto sen prexuízo do previsto na base núm. 9. Os gastos de envío e devolución serán por conta dos concursantes.

Transcorrido o prazo de 30 días naturais, contados dende a data de adxudicación do concurso, sen que os autores dos traballos non premiados os recollen, entenderase que renuncian a estes. Daquela, o Concello de Vigo poderá dispoñer libremente deles, sen recoñecer dereitos de reclamación ou indemnización de ningunha clase.

7. Os carteis serán presentados sen sinatura do autor-a e baixo un lema, que estará escrito no dorso do cartel, acompañados dun sobre cerrado que porá no seu exterior o mesmo lema do cartel. No interior do sobre depositarase unha nota escrita a máquina ou rotulación adecuada, co nome e apelidos do autor-a, enderezo completo, un número de teléfono de contacto (imprescindíbel) e fotocopia do NIF ou CIF correspondente. O incumprimento dalgún destes aspectos poderá ser motivo de descualificación.
8. Establécense para este concurso un único premio de 2.500 Euros:

O premio estará suxeito á normativa fiscal que proceda aplicar.

O premio poderá ser declarado deserto polo xurado do concurso. Caso de que o xurado estimase que ningún dos traballos presentados resulta adecuado para ser o cartel anunciador oficial das FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005, o Concello de Vigo resolvería polos seus propios medios a edición do mencionado cartel.

9. A obra gañadora, quedará en propiedade do Concello de Vigo; ademais, o/a autor/a cederalle ó Concello en exclusiva e irrevogabelmente, o dereito de impresión ou reprodución, total ou parcialmente, en calquera modalidade, tamaño ou soporte, así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria. Poderanse realizar as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.
10. O Concello de Vigo resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos ou parte dos carteis presentados ao concurso, en local, datas e horas que se determinarán. Neste suposto, os carteis deberán ser retirados polos propios autores ou persoas que os representen, no prazo de trinta días naturais seguintes ao da clausura da derradeira das exposicións. A selección das obras que se inclúan na exposición será realizada polo xurado do concurso.

11. A composición do xurado será a seguinte:

PRESIDENTE: O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, ou persoa na que delegue.

VOCAIS: Tres persoas que designará o Concello de Vigo, relacionados co mundo das artes, da imaxe, dos medios de comunicación...

SECRETARIO: Un/a técnico/a de actividades culturais, con voz e sen voto.

En caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente do xurado.

12. O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural está facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, non previstas nestas bases.
13. A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases. A decisión do xurado é inapelábel

5.- PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005. EXPTE 1471/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.03.05 e de acordo co informe proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, conformado polo Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola Interventora Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modelo de contrato para contratación dos espectáculos e actividades do programa das *Festas do Cristo da Victoria 2005*.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan no programa das *“Festas do Cristo da Victoria 2005”*.

3º.- Que o pagamento dos contratos realizados en base a este proxecto se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241”

PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS DE MÚSICA, TEATRO E DANZA

Vigo, de de dous mil cinco.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D/Dña..... (apoderado/a, administrador/a único/a...) e que actúa en nome da empresa denominada
CIF, e con enderezo da cidade de,
CP ; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista/grupo, no sucesivo O/A ARTISTA, o día de de 2005, ás horas no recinto denominado, situado en, cunha duración mínima de minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de (CIFRA) euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de (CIFRA) (EN LETRA).- euros, en concepto da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a D/Dña..... , NIF..... momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- - O local da actuación dispón dun aforo de (CIFRA) espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda (CIFRA) entradas ao prezo de (CIFRA).-euros cada unha e será beneficiario da total recadación; tamén realizará (CIFRA) invitacións das que entregará (CIFRA) á AXENCIA.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co/coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co/coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as (CIFRA) horas do día da actuación ata (CIFRA) horas despois do final da actuación do/da ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O/A ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle ao/á ARTISTA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do/da ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de ----- watos de son e de ----- watos de iluminación.

REFORZO.-

O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son, debido ás características do lugar de actuación.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do/da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura dende o chan de (NÚMERO) m. O escenario si/non está cuberto.

Capacidade de carga.- (CIFRA) kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (*backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

Dimensións.- (NÚMERO)m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e dous niveis, situados a (NÚMERO) e a (NÚMERO) m do chán.

Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.

Capacidade de carga.- (NÚMERO) kg/m² en cada nivel.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a (NÚMERO) m do escenario, haberá unha plataforma de (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura de (NÚMERO) m nun tramo de (NÚMERO) m de fondo e de (NÚMERO) m para o tramo máis alonxado do escenario.

Situación.- A (NÚMERO) m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- (NÚMERO) Kg/m2.

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-

MERCADOTECNIA.-

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Potencia.- (NÚMERO) tomas de corrente independentes; unha de XXX voltios e XX Kwatios, outra toma de XXX voltios e XXX Kwatios.

Situación.- As tomas estarán a ambos lados do escenario e a (NÚMERO) metros dende o seu centro.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao/á ARTISTA de (NÚMERO) camerinos de uso exclusivo, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este; terá capacidade suficiente para un total de (NÚMERO) persoas.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camiós do equipo do/da ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao/á ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do/da ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin":

.....

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos/ás técnicos/as:

20 litros ao comezo da montaxe
10 litros ao comezo das probas de son
20 litros ao comezo da desmontaxe.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de (NÚMERO) vehículos do/da ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do/da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do/da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de (NÚMERO) persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. O total de horas de traballo do equipo estímase en (NÚMERO) horas.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona

traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsabeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O/A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende (NÚMERO) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por (NÚMERO) persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.
(NÚMERO) membros DETRÁS DO ESCENARIO.
(NÚMERO) membros DIANTE DO ESCENARIO.
(NÚMERO) membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
(NÚMERO) membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.
(NÚMERO) membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA
APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de (NÚMERO) horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricta puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás (NÚMERO) horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do/da ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, antes do día ---- de -----de 2004, o seguinte material publicitario do/da ARTISTA:

CARTEIS.- (NÚMERO) unidades, dimensións (largo, longo).

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

6.- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR CORRESPONDENTES OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2005, TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. EXPTE 1480/335.

Mediante providencia de data 17.03.05, en cumprimento do establecido na base 31ª das de execución do Orzamento xeral do Concello de Vigo, ao concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor, no servizo de Festas e Animación Sociocultural, nos meses de xaneiro e febreiro de 2005, que son os seguintes:

EXPTE. 1393/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS SERVIZOS DE MENSAXERÍA, COMUNICACIÓN OU CORREO POSTAL DA CONCELLARÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1159
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 400,00 €

EXPTE. 1394/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS SERVIZOS DE TRANSPORTES LIXEIROS DE MERCANCÍAS DA CONCELLARÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1157
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 1.200,00 €

EXPTE. 1397/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS DA CONCELLARÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1155
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 3.000,00 €

EXPTE. 1373/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO ACTIVIDADES PARA NENOS, XANEIRO 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1003
ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L.
IMPORTE: 769,08 €

EXPTE. 1429/335. CONTRATACIÓN INSERCIÓNS PUBLICITARIAS EN PRENSA LOCAL DO PROGRAMA ENTROIDO 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-02-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 3211

ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L.

IMPORTE: 3.271,20 €

EXPTE. 1389/335. PATROCINIO DO PROGRAMA ESPECIAL CABALGATA DE REIS 2005 DE TELEVIGO.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1024

ADXUDICATARIO: TELECIDADE, S.L.

IMPORTE: 2.500,00 €

EXPTE. 1259/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS PERSOAL AUXILIAR CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1014

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 3.106,48 €

EXPTE. 1260/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS MEGAFONÍA CABALGATA REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1015

ADXUDICATARIO: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA

IMPORTE: 2.064,80 €

EXPTE. 1289/335. ALUGUER AUTOMÓBILES ANTIGOS CABALGATA REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1016

ADXUDICATARIO: CLUBE GALEGO DE AUTOMÓBILES ANTIGOS

IMPORTE: 1.000,00 €

EXPTE. 1291/335. ALUGUER CABALOS E XINETES PARA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1017

ADXUDICATARIO: BENIGNO CONRADO PÉREZ MARTÍNEZ

IMPORTE: 4.100,00 €

EXPTE. 1293/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE ANIMACIÓN PARA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1018

ADXUDICATARIO: ADOLFO MAGUNA STRASSER

IMPORTE: 7.754,00 €

EXPTE. 1302/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1026

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1330/335. CONTRATACIÓN TRANSPORTES LIXEIROS PARA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1019

ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALÍN

IMPORTE: 3.500,00 €

EXPTE. 1334/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE MONTAJE E DESMONTAJE DE VALADO DE SEGURIDADE PARA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1020

ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALÍN

IMPORTE: 4.524,00 €

EXPTE. 1342/335. CONTRATACIÓN GRUPO DE GAITAS E EMD PARA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1021

ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO

IMPORTE: 1.500,00 €

EXPTE. 1365/335. CONTRATACIÓN TIRADA DE FOGOS ARTIFICIAIS PARA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1022

ADXUDICATARIO: PIROTECNIA LA GALLEGA, S.L.

IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 1386/335. CONTRATACIÓN REALIZACIÓN REPORTAJE GRÁFICA DA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1023

ADXUDICATARIO: ARJONES, VÍDEO Y FOTOGRAFÍA INDUSTRIAL, S.L.

IMPORTE: 1.276,10 €

EXPTE. 1392/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE ANIMACIÓN CON ESFERAS DE HELIO E BARRAS LUMINOSAS PARA CABALGATA DE REIS 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1025

ADXUDICATARIO: CON MAS ARTE, S.L.

IMPORTE: 9.947,00 €

EXPTE. 1288/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O XXIV CONCURSO DE RONDALLAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1009

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 3.424,60 €

EXPTE. 1344/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE MEGAFONÍA PARA O XXIV CONCURSO DE RONDALLAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1010

ADXUDICATARIO: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA

IMPORTE: 922,20 €

EXPTE. 1353/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DO IMD PARA O XXIV CONCURSO DE RONDALLAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1011

ADXUDICATARIO: SAMYL, S.L.

IMPORTE: 797,00 €

EXPTE. 1366/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE PRESENTADOR PARA O XXIV CONCURSO DE RONDALLAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1012
ADXUDICATARIO: JESÚS ANTONIO BOUZADA ALBELA
IMPORTE: 300,51 €

EXPTE. 1390/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN RANCHO DE REIS PARA O XXIV CONCURSO DE RONDALLAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1013
ADXUDICATARIO: ASOCIACIÓN ARTÍSTICO CULTURAL DE GULÁNS
IMPORTE: 900,00 €

EXPTE. 1360/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DA COMPAÑÍA SPAGHETTI TÍTERES PARA O CICLO VIGOCREQUE 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1001
ADXUDICATARIO: ARTURO PÉREZ CABRAL
IMPORTE: 2.088,00 €

EXPTE. 1361/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DA COMPAÑÍA PABLO NOJES, PÁPRIKA PARA O CICLO VIGOCREQUE 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1002
ADXUDICATARIO: SOCIEDADE OLIVA
IMPORTE: 3.350,00 €

EXPTE. 1418/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DAS COMPAÑÍAS PICOMPÉ, ÁNGELO Y SUS MUÑECOS. ENTROIDO NOS BARRIOS 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 28-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 2310
ADXUDICATARIO: MARTÍN, PRODUCCIONES Y EVENTOS
IMPORTE: 4.575,12 €

EXPTE. 1425/335. CONTRATACIÓN MONTAXE E DESMONTAXE EXPOSICIÓN XIX CONCURSO CARTEIS ENTROIDO 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-02-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 3010
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 313,90 €

EXPTE. 1426/335. CONTRATACIÓN SERVICIO DE MONTAXE E DESMONTAXE SINAIS E VALADO SEGURIDADE PARA ENTROIDO 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 07-02-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 3011
ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALÍN
IMPORTE: 2.900,00 €

EXPTE. 1255/335. CONTRATACIÓN TALLERES FAMILIARES PARA VIGOLANDIA 2005.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-01-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1004
ADXUDICATARIO: FUNDACIÓN IGUAL ARTE
IMPORTE: 11.832,00 €

EXPTE. 1257/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN PROGRAMADAS NO AUDITORIO DO IFEVI PARA VIGOLANDIA 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1005

ADXUDICATARIO: JUAN ADOLFO MAGUNA STRASSER

IMPORTE: 10.973,60 €

EXPTE. 1258/335. CONTRATACIÓN INCHABLES PARA VIGOLANDIA 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1006

ADXUDICATARIO: MYM JUVESPORT, S.L.

IMPORTE: 10.979,54

EXPTE. 1264/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS PERSOAL AUXILIAR PARA VIGOLANDIA 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 04-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1008

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 5.995,05 €

EXPTE. 1395/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS DEREITOS DE AUTOR PROGRAMACIÓN ANO 2005 DA CONCELLARÍA DE FESTAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1158

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 10.000,00 €

EXPTE. 1396/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS PROGRAMACIÓN CONCELLARÍA DE FESTAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1156

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 5.000,00 €

EXPTE. 1436/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN GRUPO PRINCIPAL DA EMD DURANTE O EXERCICIO 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 11-02-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 3991

ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO

IMPORTE: 7.920,00

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7.-CONTRATACIÓN DE MONITORAS PARA O PROGRAMA “EU TAMEN SEI”, SEGUNDO CUATRIMESTRE. EXPTE 1980/224

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da Técnica da oficina da Muller, do 24.02.05, conformado pola Concelleira da Área de Promoción Económica e desenvolvemento local, polo Concelleiro de Facenda e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto por importe global de 5940.- euros, con cargo ó AFUT número 28958 da partida 463.2.226.06.00 do presuposto vixente, para facer fronte ós gastos dos cursos ao abeiro do disposto no art. 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

2º.- Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de asistencia técnica, de conformidade co previsto nos art. 56 e 201 do Real decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se refunde o texto da Lei de contratos das administracións públicas e ó artigo 72 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas e ás bases do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa da Concellería da Muller “Eu tamén sei 2004-2005”, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2004, co obxecto de contratar as/os monitoras/os que impartirán os cursos do programa da Concellería da Muller “Eu tamén sei”, con:

- M^a Purificación Pérez González (30) NIF: 36.089.847 H
Curso: Arquitectura popular da Galicia rural
Horas: 30 horas
Vogalías: Val do Fragoso
Horas: 15 horas
Vogalías: AM R. Castro
Prezo hora: 33 euros. Contía: 1485.-euros
- Guadalupe García Fernández (31) NIF: 36.033.077-N
Curso: Diferentes técnicas ornamentais aplicadas sobre o cristal (tallado, pintado e ácido)
Horas: 30 horas
Vogalías: AM Dorna
Curso: Repuxado de metais (prata, estaño, ...)
Horas: 30 horas
Vogalías: CCR Coruxo
Curso: Marquetería aplicada ó carei, nácar e concha
Horas: 30 horas
Vogalías: FPR El Olivo
Prezo hora: 33 euros. Contía 2.970.- euros
- M^a Dolores Salgueiro Gramary (24,25 e 26) NIF: 35.277.382 M
Curso: Retacería artesá (Patchwork).Inic.
Horas: 30 horas
Vogalías: AAA EPA Arte y Oficios
Prezo hora: 33 euros. Contía 990.-euros
- Mónica Calvo Serrano (17) NIF: 36.083.616 C
Curso: Habilidades sociais
Horas: 15 horas
Vogalía: Casa das Mulleres
Prezo hora: 33 euros. Contía 495.-euros”

8.- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “SANDRO CHIA”. EXPTE 01483/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Responsable Técnico de Exposicións, de data 14.03.05, conformado polo concelleiro da Area de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Poñer á venda 25 catálogos dos adquiridos co gallo da exposición "SANDRO CHIA", a un prezo unitario de venda ao público de 18 euros.- IVE engadido, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello.

9.- SOLICITUDE DE CAIXANOVA DE PRÉSTAMO DUNHA OBRA DE SILVEIRO RIVAS PARA UNHA MOSTRA ANTOLÓXICA DO ESCULTOR QUE SE REALIZARÁ NO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA DE VIGO. EXPTE 0140/8337

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Director do Museo, do 14.03.05, conformado polo Concelleiro de Cultura e Presidente do Padroado, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o préstamo temporal da obra "Palisandro" de A. de Silverio Rivas, Nº inv. 1067 , asignada ao museo municipal de Vigo "Quiñones de León", que figura no anexo que consta no expediente, á entidade Caixanova para a exposición "Antolóxica de Silverio Rivas" a celebrar entre o 7 de abril e 8 de maio de 2005 no Centro Cultural Caixanova de Vigo; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

10.- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES E PARQUES INFANTILES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE 2841/446.

Antecedentes

A Xunta de Goberno local en sesión do 8.11.04 aprobou o expediente de contratación, mediante concurso, da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo.

Con data 29.11.04 a Xunta de Goberno Local aproba a modificación da cláusula XIV do prego de cláusulas administrativas para dita contratación con referencia ao criterio de adxudicación relativo ao prezo.

O secretario do xeral do Concello de Vigo, o 27.12.04, certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados nos DOG nº 224 e 237 e nos BOP nº 223 e 235, de data 17 de novembro, 7 de decembro, 18 de novembro e 7 de decembro do presente ano respectivamente para a presentación de proposicións para dita contratación, presentáronse as seguintes: 1) Fomento de Construcciones y Contratas S.A., 2) Conenur España S.L., 3) SIMCO S.L., 4) CESPAS, 5) Orto Parques y Jardines S.L., 6) UTE de Talher S.A. e Audeca S.L., 7) Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza S.L. (SAMYL S.L.) e 8) Eulen S.A. E por Correo, con aviso de fax, 1) Elsamex S.A.-Fitonovo S.L. e 2) UTE Calfensa Proyectos S.L.-Movexvial S.L.

A Mesa de Contratación realizada o 27.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada, acordando rexeitar a proposta da UTE Calfensa Proyectos S.L.-Movexvial S.L., por non acreditar esta última a solvencia técnica suficiente, e admitindo todas as demais, pasándoas a informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

Con data 30.12.04 D. Javier Carrera Alvarez, en nome e representación da UTE Calfensa Proyectos S.L.-Movexvial S.L. presenta escrito amosando o seu desacordo co rexeitamento da proposta e solicitando sexa admitida ou selle certifiquen por escrito os motivos da súa exclusión.

A Mesa de Contratación en sesión do 17.01.05, procedeu a realizar unha revisión da documentación das ofertas presentas ao concurso, mantendo os mesmos admitidos na reunión do 27.12.04 e, ante o devandito escrito presentado por D. Javier Carrera Alvarez, outorgando á empresa Movexvial S.L. un prazo de tres días para acreditar a solvencia técnica na forma prevista no prego de condicións administrativas que regula o citado concurso.

Con datas de entrada no Rexistro Xeral de 14 e 21 de xaneiro de 2005, D. Javier Carrera Alvarez, en nome e representación da UTE Calfensa Proyectos S.L.-Movexvial S.L., presenta escritos aportando documentación solicitada pola Mesa de Contratación para acreditar a solvencia técnica esixida para participar no concurso.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.01.05 procedeu á revisión da devandita documentación, acordando “non admitir a proposta presentada pola da UTE Calfensa Proyectos S.L.-Movexvial S.L., xa que esta última compoñente da UTE non acreditou a solvencia técnica”.

O enxeñeiro de Montes do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o 1.03.05, emite o informe de valoración das propostas admitidas, propoñendo a adxudicación do Lote I á empresa CESP A S.A. e o lote II á empresa CONTENUR S.L.

Con data 8.03.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta de adxudicación que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

1º.- Adxudicar a CESP A S.A. o lote I do concurso convocado para o mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo, por un prezo anual de 3.539.490,17 euros/ano, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación e a oferta presentada, ao acadar a máxima puntuación –72,54 puntos-, en relación ás restantes presentadas: Orta Parques e Xardín S.L. –39,32 puntos-, Eulen S.A. –61,71 puntos-, FCC S.A. –56,34 puntos-, Elsamex S.A.-Fitonovo S.L.- 25,81 puntos.

2º.- Adxudicar a Contenur S.L. o lote II Parques Infantís, do concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de Parques Infantín do Concello de Vigo, por un prezo anual de 237.704,16 euros/ano, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación e a oferta presentada, ao acadar a máxima puntuación –63,28 euros/ano- en relación ás restantes ofertas presentadas: Orto Parques e Xardíns S.L.- 41,75 puntos-, Eulen S.A. –51,09 puntos-, UTE Talher S.A.-Audeca S.L. – 40,03 puntos -, UTE Elsamex S.A.-Fitonovo S.L.- 48,85 puntos-, Simco- 46,59 puntos-, Samyl –27,04 puntos-, Cespa S.A. – 40,55 puntos.

11.- PROXECTO BÁSICO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA POLIDEPORTIVA ABERTA E CUBERTA NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE 01941/320

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Xefe de Servizo de Participación Cidadá, do 10.03.05, conformado pola Delegada da Area de Participación Cidadá, e pola Interventora Xeral, que di o seguinte:

Tralo acordo da Comisión de Goberno de data 24.11.03 de aprobación do prego de condicións técnicas e administrativas para a contratación da redacción do proxecto e execución das obras referendadas, a Alcaldía resolveu por acordo de data 30.12.03 adxudicar a:

- “Cotecno S.A. a dirección das obras de construción da pista por un prezo de 10.100 €
- Trabajos Auxiliares de Puentes, S.A. por un prezo de 337.442 € a redacción do proxecto de execución e obras de construción da pista conforme ao proxecto básico asinado polo arquitecto Daniel Beiras García-Sabell”

Posteriormente e por acordo da Xunta de Goberno de data 11.10.2004, aprobouse o proxecto de execución conforme ao proxecto presentado pola empresa Trabajos Auxiliares de Puentes e redactado polo devandito arquitecto.

Realizado as accións tendentes a acta de replanteo da obra, constatáronse diversos inconvenientes que fan perigar as estabilidade do edificio próximo de servizos do centro cívico ase como un peche perimetral da parcela de propiedade privada que ten varios anexos e galpóns adosados, consideracións estas que levaron a dirección de obra como a empresa constructora a aconsellar a redución da pista de 20x 40 a 18 x 38 mts., e en consecuencia a necesidade de redactar un proxecto modificado.

Con data 03.03.05, a empresa Trabajos Auxiliares de Puentes, presenta o proxecto básico modificado e de execución asinado por esta e o redactor do proxecto Sr. Beiras García-Sabell, o cal non supón incremento no orzamento de execución material previsto e si unha minoración na superficie construída; sendo absorbida esta diferenca ca nova incorporación das partidas de saneamento e canalizacións eléctricas interiores da parcela non previstas no proxecto.

Asemade, achegase ao expediente o informe de data 09.03.05 do arquitecto municipal Sr. Juan Luis Piñeiro Ferradas o cal considera que as dimensións definitivas non condicionan ningunha das práctica de especialidades deportivas previstas, e informa favorablemente o proxecto.

Polo anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto básico modificado e de execución para a construción dunha pista polideportiva aberta e cuberta no centro cívico de Teis conforme ao proxecto presentado pola empresa Trabajos Auxiliares de Puentes S.L. e redactado polo arquitecto Daniel García-Sabell (COAG nº.- 2127) da Oficina Galega de Proxectos Arquitectónicos S.L. polo importe de 337.442 €.

2º.- Notificar o presente acordo a empresa Cotecno S.A. contratada para a dirección das obras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12.-DISTRIBUCIÓN DO PRESUPOSTO DO FONDO SOCIAL PARA O ANO 2005. EXPTE15583/220

A Xunta de Goberno local decide retirar o expediente da orde do día para que se realice un mellor estudio.

13.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. IV-07 MONTECELO ALTO. EXPTE 4443/401

Examinadas as actuacións do expediente, dasé conta do informe proposta do Técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 11.03.05, que di o seguinte:

No Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado o 29.04.93, continúa a delimitación dun polígono "UE IV-07-Montecelo" entre o remate da rúa Montecelo Alto na Travesía de Vigo -números 72 a 86- e a prolongación do vial de nova apertura que enlaza estas dúas rúas, cunha superficie aproximada de 2.000 m²; 300 m² de cesión mínima para zona verde; usos permitidos polas ordenanzas "1.1" e "1.2" e a compensación como sistema de actuación.

A ordenación deste ámbito remitiuse a un Estudio de Detalle, que se aprobou definitivamente polo Concello-Pleno en sesión de 26.10.95, logo modificado puntualmente polo posterior acordo plenario do 26.7.2004 (expte. 8492/411).

En data 23.04.2004 o representante da entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do proxecto de urbanización do devandito polígono. Achegou ó efecto o correspondente proxecto, asinado polos arquitectos don Antonio Hernández Crespo e D. José Alonso Rial. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requerimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada nos días 23.03.2004, 1.06.2004 e 16.07.2004.

O 23.5.2003 o enxeñeiro técnico agrícola da oficina de parques e xardíns emitiu un informe ó respecto, no que se delimitou a sinalar que: "o arborado deberá levar un sistema de rego por goteo e aparte 200 cm.de altura deberá ter un perímetro de 16-18 cm".

En data 25.8.2004 o enxeñeiro industrial municipal da oficina de servizos electromecánicos emitiu sendos informes favorables sobre o proxecto de urbanización, se ben efectuando certas puntualizacións a ter en conta no momento da execución das obras.

O 7.10.2004 o enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, informou favorablemente o proxecto de urbanización. Entroutros extremos, infórmase o seguinte: "(...) A los efectos fiscales que corresponda, el presupuesto de ejecución material asciende a la cantidad de 72.260,81 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN.UU., deberán presentar aval por el 100% a la aprobación definitiva. El proyecto consiste fundamentalmente en la prolongación de la calle iniciada a la altura de los números 163 y 165 de la Travesía de Vigo, hasta su unión con la calle Montecelo Alto. Incorpora unas pequeñas zonas peatonales en ese punto de conexión entre viales, tal y como se define en el planeamiento que desarrolla. El proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. Indicar solamente que, debido a un error de impresión, la sección tipo del informe de calzada señalada en el plano 07-R, debe ser la de 6 cm. de mezcla bituminosa en caliente tipo D-12, 18 cm. de base hormigón, y 20 cm de sub-base de zahorra artificial. Con respecto al arbolado, se estará al contenido del informe de la Oficina de Montes, Parques y Jardines de fecha 23.5.03. El proyecto cumple con las vigentes NN.UU, con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme el articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de

aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al Coordinador del Area de Servicios, y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R".

Previa elaboración da proposta, a Xunta de Goberno Local de 2.11.2004, adoptouse entre outros o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de Urbanización da UE IV-07-Montecelo Alto, promovido pola entidade mercantil <Gestiones Urbanísticas y Negocios SL>, redactado polos Arquitectos D. Antonio Hernández Crespo e D. José Alonso Rial, visado polo COAG en datas 22/04/2003, 27/05/2004 e 15/07/2004 (expte. 4443/401). SEGUNDO.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ás entidade mercantil promotora xunto cunha copia dos informes dos Servicios Municipais de Parques e Xardíns, e de Electromecánicos de datas respectivas 23/05/2003 e 25/08/2004, para que se dea cumprimento ó sinalado neles. Notifíquese tamén ós propietarios do ámbito, ás entidades concesionarias de servicios públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral (...). A seguir, procedeuse á apertura un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 3229 do 26.11.04 e no diario Faro de Vigo do 14.01.05.

Durante dito período non se presentaron escritos de alegacións, segundo certificou o Secretario municipal.

No proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado inicialmente no 30 de decembro de 2004 (DOG 31, do 15/02/2005) recóllese o ámbito de referencia como "Área de Planeamento Incorporado 49", manténdose a ordenación.

Paralelamente, na sesión da Xunta de Goberno Local de 31.1.05, acordouse o seguinte: "(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensación a concerto da UE IV-07 <Montecelo-Alto> (expediente 4534/401). SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución da UE IV-07 <Montecelo-Alto> promovido pola entidade mercantil <Gestiones Urbanísticas y de Negocios SL>, formalizado en escritura pública outorgada perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao no 10/08/2004, co núm. 1.316 do seu protocolo (...)"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Este procedemento tramitouse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural.

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 da Lei 9/02, no que se especifica que: "Os proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Tendo en conta o artigo 74 da Lei 9/02, deberase depositar garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. Así mesmo, de conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93) e no informe do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas antes citado e no artigo 20.2 da Lei 9/02, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituirse a correspondente fianza ou aval complementario polo importe correspondente ó 100% do orzamento total.

Por último, no momento da recepción das obras de urbanización, deberá constituirse unha entidade urbanística de conservación (art. 110 da Lei 9/02), tal e como se dispón expresamente no vixente PXOU-93 e no Estudio de Detalle aprobado.

É competente para adopta-lo acordo que agora se propoñe, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da "UE IV-07-Montecelo Alto", promovido pola entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y Negocios SL", redactado polos Arquitectos D. Antonio Hernández Crespo e D. José Alonso Rial e visado polo COAG en datas 22/04/2003, 27/05/2004 e 15/07/2004 (expte. 4443/401).

SEGUNDO: Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.

CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ó coordinar municipal dos servizos municipais e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14.- REVISIÓN DE OFICIO DE ACORDO DO CONSELLO DA XMU DE 19.12.97 SOBRE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA GÁNDARA. EXPTE 4584/401

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do Técnico en Administración Xeral do Servizo de de Xestión, do 7.03.05, que di o seguinte:

O Pleno da Corporación, na súa sesión de 15 de outubro de 1991, deu aprobación ó proxecto de urbanización da Rúa Gándara, indicando que os promotores solicitantes deberían prestar garantía do exacto cumprimento dos compromisos adquiridos, por importe de 11.565.250 pts. e que coa primeira das licenzas de edificación que se conceda, con fronte ó vial en proxecto, deberán executarse a totalidade das obras de urbanización no prazo fixado.

Na sesión da Comisión de Goberno de 31 de outubro de 1991 (rectificado por outro de 30 de abril do ano 1992), acordouse a concesión de licenza (6491/421) a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz para a construción dun edificio na rúa Gándara.

O 29 de abril de 1996 a Comisión de Goberno aprobou a recepción das obras de apertura e urbanización da rúa Doctor José Mato (antes Gándara), sector da Florida, tramo entre Florida e Frago (expte. 20138/250).

O 29 de abril de 1997 don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e en representación de don Máximo González Paz presenta escrito no Rexistro da Xerencia interesando que se lle abone ou repercuta ós propietarios das fincas conlindantes coa rúa Gándara (hoxe "Rúa José Mato"), as cantidades satisfeitas (20.219.950 ptas) para a execución do proxecto de apertura e urbanización da mencionada rúa.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de decembro de 1997 acordou o seguinte: "Primeiro.- Recoñecer a D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas pola execución ás súas soas expensas, da urbanización da rúa Gándara -hoxe Doctor José Mato- o que o seu custe total ascendeu á suma de 20.219.950 pts. Segundo.- Que polos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo se proceda, cos documentos aportados por D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo

González Paz, a redacta-lo correspondente expediente de reparcelación económica e normalización de fincas, para distribuí-la suma de 20.219.950 pts. entre os propietarios de terreos ós que a obra de urbanización outorgou a condición xurídica de <terreo edificable>, coa observación de que dita suma correrá únicamente de conta dos devanditos propietarios, o Concello non participará en ningún caso."

O 25 de novembro de 1998, don José Piñeiro Orosa (no seu nome e en representación don Máximo González Paz), solicita a urxente execución do acordo adoptado pola XMU o 19 de decembro de 1997.

O mesmo órgano Colexiado, o 30 de abril do 99, adoptou o seguinte acordo: "Primeiro.-Desestima-la solicitude presentada coa data 29 de abril de 1997 por don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e ademais en representación de don Máximo González Paz, no Rexistro da Xerencia interesando que se lle aboe ou se repercuta ós propietarios dos predios colindantes coa rúa Gándara, hoxe Rúa Doctor José Mato, proporcionalmente ó seu respectivo fronte a ese vial, as cantidades satisfeitas polo proxecto de execución do proxecto de apertura e urbanización da rúa Gándara no que os gastos ascenderon, ive incluído, á cantidade de 20.219.950 pts, polos motivos establecidos na parte expositiva do presente acordo. Segundo.- Satisfacer a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, en concepto de participación nas cargas de urbanización do vial, e con cargo á Xerencia de Urbanismo o importe de 1.907.844 pesetas correspondentes ó prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelariado proxecto de urbanización da rúa Gándara, hoxe rúa José Mato."

O anterior acordo foi recurrido por don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (proceso contencioso administrativo nº 02/0004455/1999). O 13 de novembro de 2003, a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictou sentenza pola que se estima parcialmente o recurso interposto, en concreto, nos seus fundamentos dispónse o seguinte: "...no hay más remedio que reconocer que el mismo viene a dejar sin efecto al primer acuerdo sin haberlo sometido a revisión con arreglo al procedimiento legalmente previsto en el artículo 102 de la Ley 30/92 sin haberlo declarado lesivo conforme el artículo 103 (...) se ha de estimar el recurso, pero solo en parte y por la razón formal dicha de no haber respetado el procedimiento legalmente establecido para dejar sin efecto un acto firme anterior no desfavorable ni de gravamen sin que proceda entrar en el fondo...".

O 21 de xuño de 2004, don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, presentan novo escrito no que en síntese solicitan a execución do acordo de 19 de decembro de 1997.

DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

1. Constitución española (artigo 33, 149.1.18...).
2. Lei 7/85 (modificada pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/86, pola que se aproban as disposicións vixentes en materia de réxime local.
3. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
4. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.
5. Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Natureza e contido do acto de recoñecemento do dereito á equidistribución das cargas derivadas da execución de obras de urbanización da "rúa Gándara" (hoxe, rúa "Médico José Mato").- A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004455/1999, concluíu que se trataba dun acto declarativo de dereitos e polo tanto toda revisión do mesmo debe acomodarse ó disposto nos artigos 102 e 103 da Lei 30/92. A defensa do Concello no aludido proceso xudicial, baseábase en que se trataba dun acto de inicio de expediente, polo tanto de mero trámite. O argumento foi rexeitado polo TSXG, non obstante, na opinión do informante, é necesario engadir que no caso de ser declarativo de dereitos, o sería a propia Lei e o planeamento urbanístico, pero non o acto administrativo que debe ser unha aplicación da antedita normativa urbanística. A procedencia da realización de operacións de distribución de cargas de urbanización, dérivase da cualificación do solo urbano como non consolidado.

A distribución de cargas debe poñerse en todo caso en comparanza cos beneficios obtidos pola execución do planeamento. Polo motivo que sexa, no seu momento se considerou que a parcela tivo a condición de solo urbano consolidado e que únicamente debería de proceder á urbanización para a materialización do aproveitamento correspondente á parcela. Os promotores solicitaron licenza urbanística e a mesma foi outorgada o 31 de outubro de 1991, coñecendo que para a obtención da mesma se deberían realizar certas obras de urbanización. Destaca especialmente que os promotores se beneficien da consideración amplia de solo urbano consolidado, circunstancia que lle permitiu a construción da edificación, pero en ningún momento se menciona a necesidade de que o resto dos propietarios e a comunidade participen nos beneficios da actuación, tal e como se proclama no artigo 47 da Constitución Española.

2. *Concurrencia de supostos previstos no artigo 62.1 da Lei 30/92 no acordo de 19 de decembro de 1997 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.- Tra-la consideración polo TSXG de que se trata dun acto declarativo de dereitos, procede a análise de si concorre algunha causa de nulidade absoluta prevista no artigo 62.1 da Lei 30/92. En primeiro lugar, o apartado 1º, letra e) do artigo aludido, entende que é nulo de pleno dereito o acto que se dicte prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido. Obsérvase que o procedemento que derivou no acordo de 19 de decembro de 1997, que se trataba supostamente dun acto declarativo pero por contra limitativo dos dereitos do resto dos propietarios de terreos, precindiu do trámite de audiencia. En efecto, o acordo mencionado, supoñe o inicio dun expediente de distribución de cargas de urbanización a iniciativa particular que afecta a varios propietarios de terreos e á vez menoscaba o dereito de defensa dos propietarios que deberían contribuir cos gastos. O vicio provoca indefensión e á vez implica unha omisión total do procedemento legalmente establecido (62.1.e da Lei 30/92). A actuación correcta do Concello (no caso de que se estimara necesario proceder a distribución dos costes de urbanización entre os propietarios), debeu partir da delimitación dun polígono, sendo necesario para tal acordo a previa audiencia dos interesados. En segundo lugar, o acto en sí ten un contido imposible (62.1.c da Lei 30/92), por canto as operacións reparcelatorias en solo urbano consolidado xa non son posibles dado o contido da Lei 9/02 (artigo 111.2: "En solo urbano consolidado, os plans xerais non poderán definir áreas de reparto nin ningún outro instrumento ou técnica de distribución de cargas e beneficios..."). Por último, polo acordo de 19 de decembro de 1997, don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, adquiriron o dereito a ser reintegrado de parte dos gastos de urbanización soportados para que a parcela adquirise a condición de solar. Tales gastos, coa lexislación actualmente en vigor, non poden ser obxecto de distribución entre os propietarios máis que cando se esté en presenza do solo urbano non consolidado ou urbanizable e no marco dunha actuación sistemática. En definitiva, concorre un novo suposto de nulidade do acto, previsto no artigo 62.1f da Lei 30/92, ó non concorrer os requisitos esenciais para a adquisición do dereito á equidistribución.*
3. *Procedemento para a declaración de nulidade dun acto administrativo.- O artigo 102 da Lei 30/92, determina que as Administracións poderán proceder á revisión de actos administrativos nos que concorra un suposto de nulidade de pleno dereito contida no artigo 62.1 do mesmo texto legal. En todo caso precisa dictamen favorable do Consello Consultivo de Galicia e con carácter previo, audiencia ós interesados. O prazo para a resolución do expediente é de 3 meses. O mesmo quedará suspenso no momento que se solicite informe ou dictamen ó Consello Consultivo de Galicia, tal e como establece o artigo 42.5.c da Lei 30/92.*
4. *Consecuencias da execución da Sentencia e da declaración de nulidade do acto administrativo dictado pola Consello da XMU de 30 de abril de 1999.- No punto 2º da parte dispositiva do acordo de 30 de abril de 1999 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, acordouse o aboamento a don José Piñeiro Orosa e a don Máximo González Paz, a cantidade de 1.907.844 ptas correspondentes o prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelario do proxecto de urbanización da Rúa Gándara. A citada cantidade foi abonada por transferencia bancaria o 27 de xullo de 1999. A resolución da sala do contencioso-administrativo do TSXG de 13 de novembro de 2003, estima parcialmente a demanda dos recurrentes, non obstante, anula a totalidade do acordo dictado polo Consello da XMU o 19 de decembro de 1999. Polo tanto, procede o inicio de expediente de reintegro da cantidade de 11.466,37 € (1.907.844 ptas), dada a anulación do acordo de 30 de abril de 1999 e consecuentemente os beneficiarios carecen de título para facer súa a citada cantidade. Por outra parte,*

no curso do procedemento previo á declaración de nulidade, se concorren as circunstancias previstas nos artigos 139.2 e 141 da Lei 30/92, poderá recoñecer ós interesados o dereito a percibir a indemnización que corresponda.

5. Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, outorga a facultade de revisión dos seus propios actos á Xunta de Goberno Local. Atribúese a este órgano colexiado, pese a que non foi o órgano autor do acordo que se pretende revisar, dada a carencia de facultades resolutorias na función revisora do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Polo tanto, procede a formulación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O inicio do procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal.
2. De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.
3. Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia.
4. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15.-RECOÑECEMENTO DE DEREITO DE REVERSIÓN DE TERREOS EN BAIXADA A RÍOS TEIS. EXPTE 176/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 14.03.05, que di o seguinte:

1. O vixente PXOM de Vigo, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.93 (DOG 10.05.93), contempla dentro do sistema xeral de estrutura viaria a denominada "Nova estrada de baixada a Ríos", incluída dentro do PERI V-02 Ríos.
2. O proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta de bens e dereitos afectados polo vial "Baixada a Ríos-Teis" foi aprobado por sesión plenaria de 30 de xaneiro de 1997. A decisión de execución da estrada, trae causa da sinatura do convenio de colaboración entre a consellería de política territorial, obras públicas e vivenda e o Concello de Vigo para a execución de estradas. No mesmo acordo ratificábase a necesidade de ocupación para a apertura de vial incluído na estrutura xeral viaria do PXOU como dotacional local. Durante o trámite de información pública, dona Dolores Montenegro Álvarez presenta alegación que é estimada parcialmente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 6 de xuño de 1997.
3. Por resolución da consellería de política territorial, obras públicas e vivenda, de 13 de agosto de 1997, acordouse a aprobación do expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do vial "Baixada a Ríos". Na relación de fincas a expropiar consta a parcela número 12 (de 731 metros cuadrados), cuxa titularidade corresponde a dona Dolores Montenegro Álvarez.

4. O Xurado de expropiación de Pontevedra, o 27 de outubro de 1998, dada a disconformidade da expropiante, acordou a determinación de prezo xusto dos bens e dereitos afectados. A anterior resolución foi recurrida perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O devandito órgano xurisdiccional desestimou a demanda interposta polo Concello de Vigo (entre outros).
5. O 30 de xaneiro de 2.003 (reiterando a mesma o 4 de outubro de 2.004), a persoa expropiada solicita a reversión dun terreo de 157 metros cadrados por considerar que carece actualmente de uso dotacional que motivó la expropiación do terreo.
6. Consta no expediente informe do técnico de admón xeral (2.3.05) e da Intervención municipal (4.3.05).

DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

6. Constitución española (artigo 33, 149.1.18...).
7. Lei 7/85 (modificada pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/86, pola que se aproban as disposicións vixentes en materia de réxime local.
8. Lei de expropiación forzosa (Lei de 16 de decembro de 1954, modificada pola disposición adicional V da Lei 38/99, de 5 de decembro, de ordenación da edificación), Regulamento de expropiación forzosa (Decreto de 26 de abril de 1957).
9. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
10. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.

Por todo elo, **INFÓRMASE O SEGUINTE.**

1. **Lexitimación.-** Dona Dolores Montenegro Álvarez figura como suxeito expropiada dun terreo cunha superficie de 226 metros cadrados. Non consta no expediente que se producira negocio xurídico sobre os hipotéticos dereitos de reversión.
2. **Lexislación aplicable.-** O Estado ten competencia exclusiva para dictar normas en materia de lexislación sobre expropiación forzosa. Incluso a propia STC 164/01 (FJ 39) valora que o Estado pode dictar normas especiais sobre reversión, incluso en materias de exclusiva competencia das Comunidades Autónomas. Na tramitación do procedemento de expropiación forzosa seguiu-se o disposto pola Lei 1/97, de 24 de marzo, do solo de Galicia e a propio Real decreto legislativo 1/92 polo que se aproba o texto refundido da lei do solo (afectada, case na súa totalidade pola STC 61/97). Na materia expropiatoria estivo vixente ata a entrada en vigor da Lei 6/98. No presente caso é de aplicación na actualidade a Lei 6/98, de 13 de abril (que reproduce os supostos de reversión previstos no Rdlex. 1/92), de réxime do solo e valoracións e supletoriamente a Lei de expropiación forzosa (artigo 85). Para coñecer cal é o réxime xurídico aplicable á petición de reversión dos terreos aludidos, deberase acudir a disposición transitoria segunda da Lei 38/99, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. Na mesma condiciona a aplicación da Lei de expropiación forzosa (na súa redacción actual, artigos 54 e 55), á presentación da solicitude de reversión. En conclusión, deberase atender ao disposto na Lei 6/98, pola especial condición que ten as expropiacións urbanísticas, e supletoriamente acudir ao disposto na Lei de 16 de decembro de 1.954 e o seu regulamento aprobado por D. de 26 de abril de 1957.
3. **Concurrencia do suposto previsto legalmente para a reversión do terreo.-** O nacemento e o exercicio do dereito de reversión esixe como requisito previo a desaparición da causa de expropiación. No presente caso, consta informe do topógrafo municipal, don Jesús Saavedra Rodríguez (5.11.03), no que concluíu que existe unha porción de terreo de 226 metros cadrados que na actualidade está totalmente desvinculada do vial. A presenza dunha parte sobrante dos bens expropiados para a execución do vial "Baixada ós Ríos" lexítima materialmente a pretensión da interesada. Non consta no expediente que concorra nova afectación dos bens obxecto de expropiación a outros fins de utilidade pública ou interés

social e por outra parte non transcorreu o prazo de 10 anos. En conclusión, enténdese que se cumpre o suposto xeral previsto na Lei de 16 de decembro de 1954 para o recoñecemento do dereito de reversión.

4. *Superficie obxecto de reversión.- Según consta no informe técnico, a superficie a revertir é de 226 metros cuadrados.*
5. *Situación urbanística do inmovible obxecto de expropiación.- A parcela no vixente plan xeral ten a condición de solo urbano, incluída nun ámbito dun PERI que precisa a previa delimitación dun polígono para o seu desenvolvemento. No planeamento xeral aprobado inicialmente, se encontra nunha situación urbanística similar, coa particularidade de que se prevé un ancho de vía de 16 metros, superior aos 12 que actualmente dispón o vial. Tal previsión non supoñe ningún atranco para o estudo da viabilidade da reversión, dado que a regularización do vial será obxecto dun expediente de equidistribución e polo tanto reparto entre os propietarios incluídos dentro do ámbito do PERI.*
6. *Restitución da indemnización expropiatoria percibida polo propietario.- Según consta no expediente, logo do acordo do xurado de expropiación (27.10.98) e a súa confirmación pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o prezo por metro cadrado fixado foi de 9.242 ptas/m². O artigo 55 da Lei de expropiación forzosa, establece como presuposto do exercicio do dereito de reversión a restitución da indemnización expropiatoria percibida polo expropiado, actualizada conforme á evolución do índice de prezos ó consumo comprendido entre a data de iniciación do expediente de xustiprezo e o exercicio do dereito de reversión. Dado que o procedemento utilizado foi o de taxación conxunta, pode entenderse que a data de iniciación do expediente de fixación do xustiprezo, o acordo da CPTOPV de 13 de agosto de 1997. Se descoñece se existe algunha cantidade pendente de abono e en que coantía a dona Dolores Montenegro Álvarez.*
7. *Órgano competente para acordar a reversión do terreo.- Trala aprobación da Lei 57/03 de modernización do goberno local e a distribución de competencias disposta para os municipios de gran poboación, correspóndelle á xunta de goberno local (artigo 127.1.d e f da Lei 7/85) a adopción de acordos de aprobación de instrumentos de xestión urbanística. Por outra parte, tamén é competente para a adopción de acordos de enaxenación do patrimonio, a salvo do disposto no orzamento nas súas bases de execución. Por ser un acto derivado da xestión urbanística a análise da procedencia da autorización da reversión e o mesmo tempo, tratarse dun acto de disposición do patrimonio, enténdese que o órgano competente é a Xunta de Goberno Local.*

Á vista do informado, se formula a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1. *Recoñecer o dereito de reversión a dona Dolores Montenegro Álvarez, de 226 metros cadrados, terreo obxecto de expropiación (finca número 12) para a execución do vial "Baixada a Ríos-Teis". De acordo co informado pola Intervención municipal, a oficina de xestión urbanística da XMU, deberá determinar a cantidade pendente de aboamento á suxeita expropiada e o importe do xustiprezo a obter polo Concello en concepto de xustiprezo derivado da reversión do terreo.*
2. *Dar conta da resolución recaída no presente expediente a oficina municipal de xestión catastral, así como a oficina de patrimonio para que se proceda á regularización da situación no inventario de bens municipal en no propio rexistro da propiedade.*
3. *Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA DA OFICINA DE ACTUACIÓN VIARIAS. EXPTE 1004/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do Xefe de Servizos Centrais, conformado polo Xerente e pola Interventora Xeral, que di o seguinte:

1) Antecedentes

O Pleno do Concello, en sesión do día 28 de xuño de 2001, acordou adxudicar o concurso de asistencia técnica para a creación dunha oficina municipal xestora das actuacións derivadas do convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello, para a execución de diversas estradas no termo municipal de Vigo á empresa “Técnicas Territoriales Urbanas, SL” polo prezo de 426.418,09 euros e un prazo de dous anos.

A cláusula 4ª do contrato asinado coa devandita empresa determinaba que o prazo do contrato sería de vinte e catro meses, contados a partir da notificación da adxudicación. Toda vez que esta notificación realizouse o 17 de xullo de 2001, nese mesmo día e mes deste ano 2003 enténdese finalizado o contrato.

A cláusula 12ª do prego único de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso desta contratación establece que “a duración do contrato será de dous anos, poidéndose prorrogar éste por mútuo acordo das partes nos termos e condicións sinalados no artigo 198.1 da LCAP”.

De acordo co artigo 198.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 (texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas) e coa cláusula 12ª do prego único de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso desta contratación autorizáronse tres prórrogas:

- 1) A primeira, por sete meses e con vixencia dende o 17 de xullo de 2003 ata o 17 de febreiro de 2004.*
- 2) A segunda, por oito meses e con vixencia dende o 17 de febreiro de 2004 ata o 17 de outubro de 2004.*
- 3) A terceira, por nove meses e con vixencia dende o 17 de outubro de 2004 ata o 17 de xullo de 2005.*

Nestas tres prórrogas, por un tempo total de dous anos, mantívose o prezo inicial en proporción o tempo de prestación do servizo.

Este contrato é improrrogable a partir de 17 de xullo de 2005 por ter esgotado o prazo máximo legal de catro anos.

2) Ampliación do contrato:

Por orde do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo e Vicepresidente desta Xerencia Municipal de Urbanismo, inciáronse contactos coa empresa adxudicataria da asistencia técnica da Oficina de Actuacións Viarias, para contemplar unha posible ampliación do obxecto do seu contrato a fin de que esta Oficina incorpore tarefas de supervisión de proxectos e inspección de obras.

A devandita empresa, “Técnicas Territoriales Urbanas, SL”, presenta unha proposta que, baseada no incremento e maior dedicación do seu persoal, supón unha subida de 8.000 euros, máis IVA, no actual prezo mensual do contrato; pasando de 17.767, 24 euros/mes a 27.047,42 euros.

En consecuencia, o custo desta ampliación do contrato para este período de catro meses (do 17 de marzo a 17 de xullo de 2005) será de 37.120 euros. Para a realización deste gasto existe crédito adecuado e suficiente na partida 4320.6010000 do vixente orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Este crédito, igual que o que financia o contrato principal, está financiado con recursos provintes do Patrimonio Municipal do Solo.

Esta ampliación do contrato ven derivada da necesidade de garantir un maior control sobre as obras de urbanización no termo municipal de Vigo, tanto de iniciativa pública como privada. Os recursos humanos e técnicos do propio Concello non son suficientes para garantir a prestación deste servizo de forma adecuada.

3) Fundamentos de dereito:

O fundamento de dereito para esta modificación de contrato atópase na cláusula 21 do prego único de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexeu esta contratación. Esta cláusula remite ó artigo 101 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de decembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Este artículo determina que “una vez perfeccionado el contrato, el órgano de contratación sólo podrá introducir modificaciones por razón de interés público en los elementos que lo integran, siempre que sean debidas a necesidades nuevas o causas imprevistas, justificándolo debidamente en el expediente”.

Entendemos que no caso que nos ocupa concurren tales circunstancias.

4) Órgano competente.

Aínda que o contrato principal de revisión do PXOM foi adjudicado polo Pleno da Corporación (sesión de 28 de xuño de 2001), coa entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o técnico informante considera competente para aprobar calquera modificación do contrato a Xunta de Goberno Local (artigo 127 da citada Lei 57/2003), sen prexuízo de que a proposta sexa elevada polo Consello da Xerencia.

5) Proposta:

Por todo o exposto, o Consello da Xerencia elevará a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

“Aprobar a modificación do contrato de asistencia técnica da Oficina de Actuacións Viarias coa empresa “Técnicas Territoriales Urbanas, SL”, consistente en encargarlle a supervisión de proxectos e inspección das obras de urbanización no termo municipal de Vigo, cun custo de 37.120 euros e para un período de catro meses, con cargo á partida 4320.6010000 do vixente orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

17.- XUSTIFICANTES E LIBRAMENTOS.

Examinadas os Xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	IMPORTE	XUSTIFIC	REINTEG.	S/FAVOR	O.PAGO
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0504570	3.224,46	3.209,94	14,52	
“	0503293	717,81	717,81		
“	0504824	2.500,00	1.786,36	713,64	
ESPADA RE CAREY LUIS	0503989	12.000,00	12.000,00		
“	0503287	300,00	258,01	41,99	
“	0503290	1.000,00	827,55	172,45	
“	0503289	1.000,00	965,80	34,20	

FERNADEZ CARPINTERO EZEQUIEL	0452716	250,00	254,27		4,27
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0503286	18.750,00	18.750,00		
IGLESIAS VAZQUEZ MARIA CARMEN	0459486	2.000,00	1.993,33	6,67	
LOPEZ MOURE JESUS	0505175	132,22	88,02	44,20	
“	0505173	104,06	102,26	1,80	
MARTINEZ GIRALDEZ GABRIEL	0507216	216,36	216,36		
“	0507215	197,20	197,20		
“	0507214	382,80	382,80		
OTERO LAMAS FRANCISCO	0459510	600,00	557,38	42,62	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0503996	4.575,12	4.575,12		
VIDAL RIOS MANUEL	0504308	3,85	3,85		
			46.886,06		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

18.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENTES (CEDRO). Expte. 10946/031.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno local en sesión de 23.11.04 aprobou o expediente de contratación, por concurso aberto, dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro CEDRO: Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) e Unidade de Día (UD).

En sesión de 30.12.04 acordou declarar deserto o concurso por non se presentar ningunha oferta para a devandita contratación.

Con data 14.03.05 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación por procedemento de negociado dos devanditos servizos sanitarios asistenciais.

A Mesa de Contratación en sesión de data 21.03.05 procedeu á apertura da única oferta presentada, a nome de Euxa S.L., sendo admitida e pasándoa ao Sector de Acción Social para informe.

Con data 23.03.05 o xefe do Sector de Acción Social emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, acorda:

Adxudicar á empresa Euxa S.L. a contratación dos servizos sanitarios-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro UAD-CEDRO e Unidade de Día (UD) polo prezo de 440.000€/ano, de acordo co prego de condicións aprobado pola Xunta de Goberno Local de 14.03.05 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás -----. Como secretaria dou fé.

me.